

CienciaBAROUTA (2021-2022) Memoria SnackLab



INTRODUCCIÓN

O CEIP de BAROUTA, dentro dos seus proxectos de ciencias e experimentos enmarcados no traballo por proxectos, contou cunha maleta SnackLab de experimentos facilitada polo CAFI.

A maleta estivo dispoñible dende o 24 de xaneiro ata o 24 de febreiro, e ofreceuse a tódolos cursos de Infantil e Primaria mediante proposta en Claustro e presentación do material.

PRESENTACIÓN DA MALETA

A maleta presentouse a todo o Claustro para traballar en Infantil e Primaria. Habilitouse un lugar de traballo para os experimentos por si resultaba difícil desenvolvelos nas propias aulas. O lugar escollido foi a zona de traballo da biblioteca.

O uso faríase recollendo a maleta previa reserva na “Folla de reserva” que se atopaba na sala de mestras e mestres.

A maleta presentouse no grupo de Whatsapp do centro, mediante fotos do contido da maleta así como da guía de experimentos en PDF.



Coordinación co Equipo de Biblioteca.

En coordinación co Equipo de Biblioteca, creamos un “*Recuncho das Ciencias*”

Este recuncho ubícase primeiramente dentro da biblioteca e logo no corredor do centro, ao lado da biblioteca, que é unha zona de paso de todo o alumnado. Xunto coa maleta, dispoñible para o seu uso, recolleuse material bibliográfico relacionado coa ciencia e os experimentos.



Día da Muller e a Nena Na Ciencia

Coincidindo coa celebración do “Día Internacional da muller e a nena na ciencia” e con unha exposición que fixemos no centro, a maleta estivo ubicada conxuntamente coa citada exposición e cun cartel para a ocasión.



Polo tanto, aproveitando diferentes traballos e proxectos do centro, relacionamos a maleta con diferentes ámbitos de traballo e tratouselle de dar a maior visibilidade posible.

TRABALLO FEITO.

As alumnas de 6º EI, no Día da Muller e a Nena na Ciencia, realizaron o experimento “No aire” para todas as compañeiras e compañeiros.

O día anterior, coa colaboración dunha das súas mestras, estiveron a preparalo para saber que había na maleta, que materiais ían necesitar e como se realizaba o experimento.

De todo o proceso de realización o que máis lles gustou foi:

- O trasvase de líquidos (coller auga, botala no prato, engadir o colorante).
- Observar o acendido da candea e prestar atención ao que ía acontecer ao tapar a candea co vaso (ese momento no que todos os ollos estaban postos no vaso e a candea para ver o que pasaba).

●

Unha vez tapada a candea algunhas das crianzas foron formulando hipóteses:

- Vaise apagar a candea.
- O fume vai apagar a candea.
- Hai moito fume!, vaise encher de fume!
- A candea non se vai apagar porque ten que derreterse toda
- ...

Puideron ver perfectamente o momento no que a auga subía con maior rapidez ao apagarse a candea e manifestárono con entusiasmo: “A auga sube!”

No caso de Ed. Infantil foi o único experimento que deu tempo a facer pero temos reservados para realizar ao longo do curso:

- Impresións dixitais.
- Xunta a punta.
- Son con culleres.
- Maicena alucinante.
- Pode a auga ir cara a arriba?
- Flota ou afúndese.



Nas seguintes ligazón pódese acceder ao traballo feito en Ed. Infantil:

- [Día da Muller e a nena na ciencia.](#)
- [Fotos dos experimentos.](#)

En Ed. Primaria, o traballo coa maleta fíxose de diferentes maneiras.

Nalgúns cursos optouse por traballar na aula, mediante pequenos grupos e relacionando os experimentos da maleta con outros que xa se estaban a realizar.



Outros cursos, decidiron traballar en espazos fora da aula, facendo un “Circuíto de Experimentos” onde diferentes grupos ían rotando polos diferentes experimentos dispoñibles.



Video presentación:

Si ben non fixemos un video do traballo realizado, si que temos varias imaxes que amosamos a xeito de presentación en video.

- [Video SnackLab CEIP de BAROUTA](#) con tódalas imaxes recollidas dos experimentos feitos.

ENQUISA DE SATISFACCIÓN.

Valoramos positivamente a iniciativa do CAFI de compartir material cos centros, se ben vemos que se lle deu pouca “publicidade”, xa que a nós chegounos a información da existencia desta maleta a través doutras vías externas ao CAFI ou a Consellería.

O material está ben presentado en canto a limpeza e utensilios dispoñibles. A organización por pequenos recipientes numerados seguindo as explicacións que se dan no documento adxunto é moi axeitada, así como a idea de ofrecer os documentos en dixital.

Polo tanto, vemos unha presentación sobresaínte e unha boa explicación dos experimentos tanto en papel como en dixital.

Tamén valoramos positivamente o tipo de experimentos seleccionados pois son variados e adaptados a diferentes niveis, sin que se requiran grandes recursos para facelos.

Consideramos que un período de préstamos máis longo sería mellor para o seu uso nos centros, se queremos que se fagan tódolos experimentos en tódolos cursos.

Entrando na valoración dos experimentos en si e a outras consideracións, si ben non fixemos tódolos experimentos, cubrimos a enquisa que entregamos como anexo e na que recollemos a impresión das mestras e mestres que usaron a maleta.

Valoración da maleta para Ed. Infantil:

Valoramos cun 5 a documentación aportada (para as crianzas de EI é importante que os pasos a seguir na realización dun experimento sexan claros e que haxa unha explicación ao fenómeno acontecido no mesmo e isto está recollido na documentación)

A aprendizaxe valorámola nun 3 (houbo que adaptar a explicación ao nivel de crianzas de 3, 4 e 5 anos).

A facilidade de uso nun 4.

A valoración global do material é un 5.

Consideramos que a maleta ten materiais suficientes e ben ordenados.

A guía presenta a realización dos experimentos paso a paso, aporta materiais impresos nalgúns casos e achega a explicación de cada un dos experimentos.

ENQUISA DE SATISFACCIÓN: Préstamo materiais: Maleta de primeiros experimentos. Snacklab

Despois do uso deste recurso fai unha valoración da mesma contestando as seguintes cuestións:

1. Escribe o nome do centro educativo que solicitou o préstamo da maleta de experimentos Snacklab:

CEIP DE BAROUTA

2. Indica o período de préstamo da maleta de experimentos Snacklab:

24 de xaneiro ao 24 de febreiro

3. Indica o curso ou cursos nos que se levaron a cabo algún dos experimentos e o profesorado participante:

Ed. Infantil, 4º , 5º e 6º de Primaria

4. Valoración dos experimentos realizados do 1 ao 5. Os que non se levaron a cabo marcar na columna NON:

EXPERIMENTO	1	2	3	4	5	NON *
1. Impresións dixitais					X	
2. Sombreiro con truco						
3. Nomea a cor					X	X
4. O punto cego				X		
5. Onde está o rato						X
6. Buraco na man						X
7. Xunta a punta				X		
8. Son con culleres						X
9. Sons secretos						X
10. Mide o teu sentido do tacto						X
11. Fabrica a túa propia momia						X
12. Maicena alucinante					X	
13. Pode a auga ir cara a arriba?			X			
14. Construindo con burbullas						X
15. No aire						X
16. A forma da choiva						X
17. Flota ou afúndese						X
18. Rompendo a tensión				X		

* Moitos experimentos non se fixeron pero quedan pendentos

5. Valora do 1 ao 5 os seguintes ítems:

Item	1	2	3	4	5
Documentación aportada					X
Aprendizaxe				X	
Facilidade de uso					X
Valoración global do material					X

6. Cal foi o experimento que máis gustou? Por que?

Nomea a cor: resulta moi simpático en pequenos grupos e faise de xeito rápido.
maicena alucinante: tamén lles gustou moito, sobretudo polo feito de ter que manexar coas mans.
Impresións dixitais: sorprendeunas en canto ao que poden aprender con iso.

7. Cal foi o experimento que menos gustou? Por que?

Os experimentos que levan tempo preparamos e facelos, por exemplo o das salchichas.
Ao alumnado gústalle máis os experimentos que se ven os resultados no momento. Ao do trasvase de auga de cores pásalle o mesmo: hai que esperar bastante.

8. Recomendarías este material ao profesorado? Por que?

Si. É un material moi fácil de usar e que ben moi ben organizado e explicado.

9. Atopaches algunha deficiencia (material, documentación de apoio...)? En caso afirmativo indica cal

10. Incida propostas de mellora que consideres en canto a material, documentación, novos experimentos que engadir...

A posibilidade de poder contar máis tempo coa maleta.
Que a maleta se levase directamente aos centros e non ter que ir a recollela e entregala ao CAFI.